


O tesouro do Pico Sacro

O



cardeal Jerónimo del Hoyo nas súas 'Memorias del Arzobispado de Santiago' rematadas en 1607 conta referíndose ó Pico Sacro (traducimos do castelán) que "sucedeu que un home que se chamaba Juan Antón, veciño da Coruña, dixo en anos atrás que neste pico cara á parte do Oriente había uns haberes e movidos disto uns homes labraron a esta parte unha baixada a modo de contramina e por esta baixaron á mina que sae ó dito sitio e alá atoparon moi grandes espazos e botaron de ver que ía a mina para o río e nisto gastaron neciamente as súas facendas".

Posiblemente o texto de Jerónimo del Hoyo é o primeiro que fala da lenda dun tesouro, uns "haberes" agochados no Pico Sacro, que como xa el mesmo advertía non era máis que iso, unha lenda. Pero polo que se ve unha lenda que se prolongará no tempo e que será

enriquecida e transformada en distintas épocas: o frade bieito Benito Jerónimo Feijóo e Montenegro produciu unha ampla obra literaria na que é de salientar o seu 'Teatro Crítico Universal', en varios tomos publicados entre 1726 e 1740, onde aborda temas de ciencias e actividades humanas e na que tamén trata de combater falsas crenzas e supersticións. Con ese mesmo espírito publicará posteriormente e a modo de continuación, entre 1742 e 1760, as súas 'Cartas eruditas y curiosas'.

No tomo terceiro desta última obra titula a carta II 'De la vana y perniciosa aplicacion à buscar Tesoros escondidos' e como era de esperar con este título fai unha crítica das persoas que agardaban facerse ricas atopando ouro ou prata agochados, facéndolles ver que o único que conseguían dese xeito era arruinarse gastando os poucos cartos que tivesen na busca de algo que non ían conseguir.

O parágrafo 17 desta carta refírese ó caso dun xastre de Basilea (Suíza), que se atreveu a entrar nunha longa caverna, onde atopou unha muller sometida a un encanto, quen lle ofreceu un enorme tesouro de moedas de ouro, prata e cobre se a desencantaba: cousa que o xastre non fixo por medo.

Feijóo considera a narración fabulosa, un conto de vellas, e a continuación refire o caso que imos ver, traducindo do castelán (o orixinal das 'Cartas eruditas y curiosas' pódese ler e descargar de balde en varias webs de Internet): "na cidade de Santiago fabricouse outro embuste semellante, intervindo nel persoas de moi superior condición á do xastre. Hai un monte veciño a aquela cidade, chamado Pico Sacro, e nel unha profunda caverna, na cal se atreveron a descender certos aventureiros, que afirmaban despois ter encontrado nela un ídolo de ouro que gardaban dous xigantes, con outras particularidades que facían a relación completa. Averiguouse ser todo patraña, de que resultou bastante confusión ós autores dela".

Manuel Vidal Rodríguez, Eugenio Carré e outros autores recolleron por escrito xa no século XX lendas sobre os supostos tesouros do Pico Sacro, lendas que se unen ás dos Buratos dos Mouros e a tódalas outras nas que aparece o mítico monte. Mais o tesouro do Pico Sacro non é de ouro: é a súa figura na paisaxe da Ulla que se albisca desde os Camiños de Santiago, os episodios da historia galega que se desenvolven nel ou na súa contorna, as lendas, as creacións culturais nas que aparece ou que inspirou, e mesmo, por que non, a súa utilidade para a predición meteorolóxica como recollen coplas e refráns como 'Cando o Pico coce, chove'.

O Pico Sacro é sen dúbida un dos grandes tesouros destas terras que cruza o río da Ulla, e del xa dixo Ramón Otero Pedrayo que era "o cumio máis belo e simbólico de Galicia".

Henrique Neira Pereira

www.valdoulla.com